

Anexo de condicións



Emisión de achegas ao capital social

[Do 1 de outubro ao 15 de novembro]

Condicións das achegas voluntarias ao capital social para reforzar os fondos propios de Coop57

Finalidade

A finalidade desta admisión de achegas voluntarias ao capital social é fortalecer os fondos propios de Coop57, co obxectivo de reforzar a súa solvencia e a súa capacidade de conceder máis préstamos a proxectos transformadores de economía social e solidaria.

Importe por socia

As achegas son de 1.000 € cada unha.

Os importes máximos de achega para cada tipoloxía de socia son os seguintes:

- Socias de servizos: 30.000€
- Socias colaboradoras: 15.000 €
- Socias de traballo: 15.000 €

Período subscrición

- Do 1 de outubro de 2024 ao 15 de novembro de 2024.
- Adxudicación das achegas por orde de chegada.

Remuneración

Ata o 31 de maio de 2026.

- 2% nominal anual.

- 1º pago: o 31 de maio de 2026 abonarase a remuneración devindicada desde a data de finalización da emisión (15 de novembro de 2024).

A partir do 31 de maio de 2026

- Remuneración das achegas voluntarias esixibles + 1,5%.
A remuneración das achegas voluntarias esixibles establécese cada ano a asemblea xeral de Coop57.
- Pago: 31 de maio de cada ano.

A remuneración (unha vez descontada a retención fiscal) sumarase ao valor das achegas voluntarias ao capital social. Con todo, as persoas que o desexen, poderán solicitar que o importe da remuneración se lles ingrese na conta corrente que indiquen.

Devolución

Acorde ás Normas Internacionais de Contabilidade e á Lei de Cooperativas, a devolución das achegas voluntarias para reforzar os fondos propios está condicionada á aprobación por parte do Consello Reitor, órgano que se reserva a posibilidade de rexeitar, incondicionalmente, a devolución das mesmas.

➤ **Prazo de devolución**

Poderase solicitar ao Consello Reitor o reembolso destas achegas voluntarias ao capital social, total ou parcial e sempre en múltiplos de 1.000€ , nos seguintes prazos:

Solicitudes previas ao 31 de maio de 2026

- Períodos: ata os días 10 dos meses de xaneiro, maio e setembro de cada ano.
- Reembolso: farase efectivo nos 60 días posteriores ao peche de cada período, sempre que o Consello Reitor o autorice.
- Non se percibirá a remuneración devindicada.

Solicitudes posteriores ao 31 de maio de 2026

- Períodos: ata os días 10 dos meses de xaneiro, maio e setembro de cada ano.
- Reembolso: farase efectivo nos 60 días posteriores ao peche de cada período, sempre que o Consello Reitor o autorice
- Percibirase a remuneración devindicada ata a data da devolución.

➤ **Garantías das achegas ao capital social para reforzar os fondos propios**

- Coop57 desenvolve unha actividade financeira entre os seus socios e socias como cooperativa de servizos. Non é un banco e, en consecuencia, non dispón da cobertura do Banco de España.
- As achegas ao capital social responden da boa marcha da cooperativa.
- Esta tipoloxía de achegas voluntarias difereciase do resto de achegas voluntarias

ao capital, xa que teñen condicionada a súa devolución á previa aprobación por parte do Consello Reitor.

- Coop57 articula distintos mecanismos para garantir as achegas das persoas socias.

Nesta liña, para fortalecer a súa solvencia, Coop57 adopta varias medidas:

- Destina os seus excedentes exclusivamente a reservas.
 - Esixe ás entidades que reciben financiamento que fagan achegas adicionais ao capital social para nutrir un fondo solidario para garantir os préstamos.
 - Dota o máximo posible para provisións para posible falta de pagamentos.
 - Acouta o límite máximo de préstamo que pode recibir unha entidade socia, de maneira que así distribúe o risco (como máximo, unha entidade non pode recibir en préstamos máis do 2% dos recursos de que dispón Coop57).
 - Mantén acordos con distintas entidades para compartir riscos e garantir os préstamos concedidos (Fondo Europeo de Investimentos, Sociedades de Garantía Recíproca, Administracións Públicas, Fundacións e outras entidades da Economía Social e Solidaria).
- Coop57 é unha cooperativa que se xestiona de forma democrática e participativa e que articula mecanismos para que os socios e socias poidan coñecer adecuadamente e en todo momento a súa situación económica e poidan participar colectivamente na toma de decisións.

Lin as condicións da emisión de achegas ao capital social para reforzar os fondos propios de Coop57 e manifesto que as acepto.